

Área de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo

Susana Linguas Gil
PRESIDENTA DE
PORTOS DE GALICIA
Praza de Europa 5A - 6º (Polígono das Fontiñas)
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

Asunto.- Praga de mosquitos ocasionada polo amoreamento de madeira no Porto de Mirasol en Ribadeo

Póñoome novamente en contacto con vostede preocupado pola problemática ocasionada no noso municipio durante a tempada estival de 2019 por unha praga de mosquitos derivada do amoreamento de madeira no Porto de Mirasol en Ribadeo.

A razón da miña preocupación é que a día de hoxe unha enorme cantidade desta madeira continua disposta no mesmo lugar do Porto de Mirasol. Evidentemente a chegada do outono foi definitivamente quen fixo desaparecer provisionalmente esta praga de mosquitos, digo provisionalmente porque dada a situación actual ímonos encontrar exactamente coa mesma situación en poucos meses e iso é o que pretendo evitar con este escrito.

Xa son moitos os nosos veciños que se achegaron nos últimos tempos polas dependencias municipais mostrando a súa intranquilidade e malestar por ver como esa madeira non foi retirada do Porto de Mirasol, teméndose volver a sufrir as mesmas molestias provocadas por estes mosquitos no vindeiro verán de 2020.

Como xa se lles indicara en escritos anteriores, entendemos que a Portos de Galicia lle toca defender ao seu sector, mentres que ao concello, como institución transversal, tócanos defender, coordinar, a todos. É por iso que, a día de hoxe, con tempo máis que suficiente antes de que chegue a tempada estival de 2020, **ínstolles a que realicen as xestións necesarias para que esta madeira que leva meses amoreada no Porto de Mirasol de Ribadeo sexa retirada do lugar** e que este porto comercial se converta nun lugar de tránsito como se entende debe ser e non nun almacén ou depósito como asemella ser a día de hoxe.

En Ribadeo, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde,

Fernando Suárez Barcia

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

